

## COMO SOLICITAR A EXPOSICIÓN

Pode cubrir os datos da seguinte ficha e remitila ao Servizo de Educación para a Sostibilidade.

### Datos da entidade solicitante

Centro/Asociación .....  
Correo-e ..... Tel. ....  
Enderezo .....  
Poboación ..... CP .....

### Datos do responsable

Nome e apelidos .....  
Correo-e ..... Tel. ....  
Enderezo .....  
Poboación ..... CP .....

### Datos de solicitude

Sinale as datas de solicitude por orde de preferencia:

Data 1: do ..... ao .....

Data 2: do ..... ao .....

Data 3: do ..... ao .....


Enviar a solicitude ao fax 981 000 000 ou ao correo electrónico [educacion.sostible@xunta.es](mailto:educacion.sostible@xunta.es)

### Máis información

Servizo de Educación para a Sostibilidade  
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible  
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible  
Teléfono:  
Fax:  
Correo-e: [educacion.sostible@xunta.es](mailto:educacion.sostible@xunta.es)

EXPOSICIÓN

O NOSO MUNDO,  
O NOSO FUTURO,  
A NOSA OPCION



O cambio climático é un dos maiores retos cos que se enfrenta a sociedade

Realización e deseño



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de  
Desenvolvemento Sostible

XUNTA DE GALICIA

# O CAMBIO CLIMÁTICO AMEAZANOS

Na historia do noso planeta o clima foi cambiando. Pero dende finais do século pasado, a Terra está a experimentar grandes modificacións no seu clima a unha velocidade moi rápida. Segundo os científicos, a temperatura media global está a cambiar, incrementándose en 0,6 °C dende finais do século XIX. As causas deste aumento de temperatura están relacionadas coa nosa utilización masiva de combustibles fósiles como o carbón ou o petróleo que emiten moito CO<sub>2</sub> (dióxido de carbono) provocando o incremento do efecto invernadoiro e por tanto o quentamento da Terra.

En Galicia tamén aumentou a temperatura media 1,5 °C nos últimos 30 anos, existindo outros sinais inequívocos do cambio climático como a subida do nivel do mar en 9 cm nos últimos 50 anos, as vagas de calor, adiantos na floración e na chegada das aves migratorias...

As consecuencias do cambio climático provocarán grandes custos ambientais, sociais e económicos que condicionarán o noso desenvolvemento.

De non tomarmos de inmediato medidas para combatelo, pódese converter nunha ameaza para a nosa supervivencia.



# ESTAMOS A TEMPO DE ACTUAR, COMPROMETIDOS CO CLIMA

Esta exposición pretende dar a coñecer a todos os galegos e galegas o problema ambiental do cambio climático, informando sobre as súas causas e consecuencias a nivel global e tamén en Galicia. Ademais intenta estimular a participación e reflexión dos visitantes propondo novos comportamentos comprometidos e accións positivas co clima que loiten contra o cambio climático e fomenten un desenvolvemento máis equilibrado, social e ambientalmente.



# CARACTERÍSTICAS DA EXPOSICIÓN

A exposición **O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción** está composta polos seguintes elementos:

- 19 displays portátiles para montaxe de paneis
- 19 tubos de transporte.
- 19 paneis de 200 cm x 100 cm impresos a toda cor en lona reforzada:
  - Panel 0:** Portada. O noso mundo, o noso futuro, a nosa opción.
  - Panel 1:** Cambio climático. Últimas novas o Planeta quéntase
  - Panel 2:** Os impactos na natureza. Pequenos aumentos, grandes cambios
  - Panel 3:** Impactos nas sociedades humanas. Aféctache, aféctame
  - Panel 4:** Exemplos de impactos. Os sinais do cambio
  - Panel 5:** Tempo e clima. Momentos fugaces e longas etapas
  - Panel 6:** A atmosfera. Coma a pel dunha mazá
  - Panel 7:** O efecto invernadoiro. Na súa xusta medida
  - Panel 8:** Os gases de efecto invernadoiro. O CO<sub>2</sub> e os seus colegas
  - Panel 9:** Emisións do Norte e o Sur. ¿De quen é a responsabilidade?
  - Panel 10:** A protección do clima dende as cidades... actúa localmente
  - Panel 11:** A protección do clima na vida cotiá. Activos en favor do clima
  - Panel 12:** A protección do clima dende os centros educativos. Da miña escola para o meu planeta
  - Panel 13:** Redes para a protección do clima. Compartimos un problema... ¡Compartamos as súas solucións!
  - Panel 14:** A política internacional sobre cambio climático. Un camiño sinuoso
  - Panel 15:** As políticas públicas sobre cambio climático. O papel dos gobernos
  - Panel 16:** Unha Galicia menos verde. O Cambio climático provocará problemas con importantes custos ambientais
  - Panel 17:** Emisións de Galicia, lonxe de Kyoto. A produción e consumo de enerxía supoñen o 80% das emisións
  - Panel 18:** As nosas solucións en Galicia. Un primeiro paso no longo camiño para resolver o problema
- Proxección audiovisual: "Cambio climático: Ti tamén decides"
- Tríptico da exposición
- Folleto divulgativo sobre o Cambio climático
- Caderno de traballo do Cambio climático para escolares
- Módulo de participación con rotafolios. ¿Cal será o teu papel?
- Módulo "Emisión cero" cunha pila de combustible de hidróxeno
- Módulo "¿E máis eu, cantas emisións podo evitar?"